

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Rede Museística

Área de Cultura da Deputación de Lugo

“Guiada da man dun soño a Primavera chegou”(Manuel María)

OBRADOIROS PARA OS DÍAS DE LECER DA SEMANA SANTA 2016

*Guiada da man dun soño
a Primavera chegou.
E todas as andoriñas
no ceo azul convocou.*

Así comeza un poema de Manuel María, poeta ao que este 2016 se dedica o Día das Letras Galegas. Versos que nos convocan ao renacer que trae canda si a primavera, que nos animan a saír e gozar do que vive ao noso arredor.

Nos museos da Rede Museística tamén hai vida, e cores, e obxectos que provocan en nós sentimentos, emocións, curiosidade ...

Con Manuel María, e con todos vós, pretendemos que os días de lecer desta Semana Santa sexan tamén de aprendizaxe e descuberta. En cada un dos museos da Rede Museística que xestiona a Área de Cultura da Deputación de Lugo, temos un variado programa de obradoiros e propostas que vos van facer voar como voan as andoriñas no poema de Manuel María.

*Todo é voar e voar,
e andar de aquí para alá.
Todo é un ir en un vir
dende aquí deica acolá!*

OBRADOIROS

Fíos e Tecidos: o tear

Obradoiro impartido por monitores/as da Asociación “Clío Reconstrución Histórica”. Os asistentes adquirirán nocións básicas sobre o tecido, as súas técnicas e as materias primas empregadas, adaptando cada taller aos fondos de cada un dos museos.

Data: 9 de abril

Horario: de 12:00 a 13:00 h.

Prazas: 15 por sesión

Idades: de 8 a 16 anos (Club Pequeamig@s e Club Ei!)

O noso son

Este proxecto consiste nun percorrido sonoro pola historia cultural e artística da nosa comunidade. Os diferentes Museos da Rede Museística ofrécennos a oportunidade de coñecer como era a vida en Galicia en diferentes épocas, así como as súas manifestacións artísticas e outros aspectos do seu patrimonio material pero poucas veces temos a oportunidade de escoitalas, de beber nas fontes inmateriais das historias e narracións orais. Este proxecto propón dar voz e vida aos obxectos que viven no museo

a través das persoas que o visitan. Non se precisan coñecementos musicais, nin ter vocación teórica senón unha firme vontade para explorar as realidades sonoras e divertirse ao mesmo tempo.

Data: 23 de marzo

Horario: 17:30 h.

Prazas: 15 por sesión

Idades: a partir de 6 anos

Web deste obradoiro: <http://onososon.espaciorojo.com/presentacion/>

Contos de papel

Este obradoiro ten como obxectivo acercar os máis pequenos o mundo dos contos a través da arte. Os obxectivos son o achegamento ás tres dimensións, espazo e volume, introdución ao mundo da cor e as formas, fomentar a lectura e a aprendizaxe e coñecemento mediante o xogo.

Datas: 24, 25 e 26 de marzo

Horario: de 11:15 a 13:00h.

Prazas: 15

Idades: de 5 a 10 anos (Club Pequeamig@s)

MÁIS INFORMACIÓN SOBRE ESTAS ACTIVIDADES

As inscricións deben realizarse no departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo. Tfno.: 982 24 23 00 / 982 24 21 12 / didactica@museolugo.org

Xerencia da Rede Museística: Tfno.: 699 836 883 /

xerenciaredemuseos@deputacionlugo.org

E para estar ao día de todo o que pasa nos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo, síguenos en facebook, twitter e na web <http://www.redemuseisticalugo.org>



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



DEPUTACIÓN
DE LUGO

Cultura